

# A PISCINA DE SERGIO

Esta tarde Bruno foi á  
piscina de Sergio. É a  
segunda vez que vai. É



unha piscina moi grande, con forma rectangular e ten un debuxo dun golfinho  
no fondo.

Sergio ten a piscina desde fai máis de dez anos e di que algúns días bañouse  
ata tres veces. Tamén se bañou de noite porque a piscina ten tres luces que  
se acenden e a auga parece verde.

Gema, a irmá maior de Sergio púxolle un nome ao golfinho, Darwin. Di que lle  
gusta ese nome porque cando era pequena vía unha serie na televisión onde  
saía un golfinho que así se chamaba. A Sergio tamén lle gusta o nome e a Bruno  
tamén.

Bruno desexa que Sergio o invite á súa piscina pola noite, así poderá vela  
acesa. Que sorte ten Bruno de ter un amigo con piscina!

• **CONTESTA AS SEGUINTE PREGUNTAS:**

**1. Cantas veces foi Bruno á piscina de Sergio?**

- a) Unha.
- b) Dúas.
- c) Tres.

**2. En que parágrafo se describe como é a piscina?**

- a) No segundo.
- b) No terceiro.
- c) No primeiro.

**3. Como se chama a irmá de Sergio?**

- a) Andrea.
- b) Marta.
- c) Gema.

**4. A piscina é ovalada?**

- a) Verdadeiro.
- b) Falso.

**5. En que momento do día a auga parece de cor verde?**

- a) Pola mañá.
- b) Pola tarde.
- c) Pola noite.

**6. O golfiño chámase Darwin porque...**

- a) Coñecían outro golfiño con ese nome.
- b) Porque de pequena Gema viu unha serie onde aparecía un golfiño con ese nome.
- c) Porque a Sergio gustáballe ese nome.